

Teño que falar da **poesía de Willi**, pero non son capaz de *entrar a saco* nese tema, preciso ir tanteando as paredes nunha aproximación que ten o que ten a pesca de río: paixón e cautela

Direi por exemplo para comezar que nin as personas crentes, nin as agnósticas, nin as ateas deron orixe ó mundo, porque todas somos posteriores á orixe do mundo e intérpretes en hipóteses da orixe do mundo, pero Willi si. Non é unha hipérbole, nin unha mentira, porque **el creou o que non caduca**

Imos tomar isto coma unha primeira verdade teolóxica, un lévedo da súa divina personalidade, da súa primaverl presenza

E tomamos este camiño, máis que nada porque case nos obrigaron a crer nestes últimos seis anos que a súa obra tiña que caducar no terreal

O silencio é un remedio que a poesía e a música adoitan saber administrar para ben, non así outros oficios defensores do común
(Soplemos coma lobos, tiremos as casiñas, comamos os porquiños)
E perdoádeme que para entrar no tema me saia tanto do tema

A súa obra, para nós tan presente, era continuamente alimenticia e conmovedora, non pasaba de moda, e pedía coñecemento e mellor vida, como reclamaban os poetas místicos, pero mellor vida *aquí*, non *alá*

E niso empezamos a ser firmes, **reclamando e aclamando todo o Seu**. O Seu non entraba na novidade nin, como xa dixemos, na moda, senón que era froita perenne, lazo místico, salón de plumas, luz sen tulipas

Esta liña argumental lévanos a pensar que, ó botar mau do que el deixou, somos testemuñas do oficio de **creador do mundo**, porque **todo o que el deixou feito e dito que parece posterior ó mundo creado, non é posterior, senón que é previo**, e isto enténdese polo xeito como os materiais teñen de se donar só ó seu creador: temos visto a madeira chorar de emoción nas obras del, por iso a madeira das súas obras seca mal. De que modo senón un pé de carballo pode expresarse mellor ca unha persoa? ou como a vexetación pode asumir o entroido, a transfiguración? ou como as cores poden entrar como a luz por un burato e apalpar o piso? ou como alguén nos pode avisar que deus baixa á taberna deixar bombas atómicas do tamaño dun grau de centeo e á xente derriba dun ferrado? **Esta é a segunda verdade teolóxica: só deus nos pode mostrar o anticipo do que logo foi e agora é**

A Willi **nada lle era alleo e el era doce**. El era con todo e era doce. **A terceira e cuarta verdades teolóxicas** para crer que Willi creou o mundo, terra e ceos, noces sorpresa e pínegas na lama, el era doce como as luces que se pousan no pelo mollado dos carneiros

Como nada lle era alleo amaba tocar e facer música, e tamén poesía escrita, que foi o estilo no que primeiro se expresaron os deuses despois do silencio e despois da creación, segundo se estudou nas culturas teístas

Fixo performances poéticas coa palabra, que hoxe son coma o ar quente, que é todo o que acorda dalgún gran día; fixo tantas coma pelos abundantes da súa cabeza, pelos ondeantes, balsámicos, a súa voz era así, sorprendentemente nunca rotunda nin alta. Ferramentas, plantas e labores, o mundo da labranza é o mundo do pesebre

Escribiu letras que moitas veces acompañou tocando instrumentos, música entre música

Que pobre foi *Matrix* concibindo humanos alienados baixo un imperio informático de ceros e uns no que os humanos soñaban a súa vida, cando Willi xa xogaba coas máis modernas lóxicas borrosas que enchen de alegrías, riles, figados e matices a vixilia do mundo

De entre todos os materiais creados deus ama máis os códigos, as fórmulas e as palabras, as palabras son no común nas que máis nos desvivimos, e coas que nos xuntamos e dividimos, coma polo cheiro. Cando por exemplo escoitamos: *podes poñer a pota ó lume con auga para facer café?* Non estamos escoitando todo o que o mundo pode dar de si para nós nese momento? Non se nos está manifestando un futuro que parece que depende namais que da enunciación da nosa vontade para con todo o que vén dado de vello?

podes - poñer - a pota - ó lume - con auga - para facer - café?

Impresionan algúns formatos da poesía de Willi (e os títulos!), en concreto as esculturas con letras, palabras e pequenas frases. Asusta e alegra a contundencia coa que nos presenta a conciencia remoendo nelas. Calquera de nós pode botar o día enteiro, ou días e días, con algunhas palabras que non se nos van da cabeza, que se fan as únicas e fan do resto, puro resto. Así nos convertemos nesa pequena frase andante, somos a transformación de nós mesmos nas palabras que máis nos importan, nas que nos xogamos o senso da nosa vida. Nin Kafka na *Metamorfose*, nin Gogol no *Nariz*, nin Philip Roth na *Teta*, puideron soñar tal cousa. A máis radical conversión na que un se poida imaxinar é de menor fondura que verse transformado nas palabras andantes que somos, nas obsesións que as fan nacer e que despois elas mesmas se encargan de empuxar. Ten Willi nun caderno de poemas e bosquejos de entre 1994 e 1995, un bosquejo repetido o 19 e o 20 de xullo de 1994, é unha frase antropomorfa que di:

QUEROSOÑARCONTIGO

Sendo a persoa desde a cabeza á cintura QUERO e sen separación, as súas dúas pernas SOÑAR e CONTIGO

Podemos dicir que hai aquí un poetiquísimo piar teolóxico, unha encarnación

A obra de Willi fornécenos de boa encarnadura, e é certa coma cando nos remitimos ó adn

Contou onte á noite un amigo de Willi tentando aclararlle a outra persona co cartel desta exposición na mau o verdadeiramente diferencial da súa obra, que para eses volumes verticais que manexaba, a base nunca era estable e o segredo da obra estaba no tempero, e Willi sabía calzalas axeitadamente

Como a vida mesma, coma deus, os milagres e o mundo

Somos do que hai, pero din os vellos para retratar o mal comportamento: *somos do que non hai*. Somos polo tanto do que hai e do que non hai. Ben somos

Escribe Willi no final dun poema

*Volveu a paloma co seu limpio voar
que en unha fermosa
estatua se poida pousar
Que se quede a paloma
e non volva marchar*

Lalín, 5 de abril de 2013
Celso Fernández Sanmartín